

EN CONSTRUCCIÓN 1693

José Luis Guerin, 2001

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2026 | V.O. | 125 min

José Luis Guerin pasou un ano e medio a filmar o que sucedía mentres se construía un novo edificio de apartamentos no Barrio Chino de Barcelona. “En construcción” céntrase menos nas cuestións prácticas de erguer un edificio que no impacto que o proxecto ten naqueles que viven no barrio, incluíndo unha parella de adolescentes que ocupa un edificio próximo, un inmigrante que busca traballo para el e o seu fillo ou unha moza do barrio que namora dun dos traballadores da construción. A morte dun gato de rúa e o descubrimento dunha foxa común durante a construción tamén apuntan ás tráxicas perdas que ás veces fan parte do progreso.



Unha pedagogía da mirada

Por Iván Villarrea Álvarez

Unha das virtudes do cinema de José Luis Guerin é a súa capacidade para establecer unha pedagogía da mirada: Guerin ensina o espectador como mirar. A duración dos planos sería unha das claves: se un plano dura máis do necesario é para que o espectador sexa consciente do que está a ver, para ir máis aló do primeiro impacto dunha imaxe e transcender a súa lectura evidente. De igual maneira, os planos protagonizados por obxectos serven para sinalar aqueles elementos aos que o espectador debe dotar dun novo significado. Os obxectos inanimados centran o segundo segmento de *Tren de sombras*, e a mirada é o tema explícito da escena da cafetería de *En la ciudad de Sylvia* (José Luis Guerin, 2007). A imaxe é a verdadeira protagonista de *Innisfree* (1990) e de *Tren de sombras* (1997).

En construcción desprega unha dimensión humana que nos permite convivir como espectadores co que durante un fragmento de tempo foi a vida cotiá do Raval, nese solar situado entre o Carrer de Sant Pau e o Carrer de les Carretes onde dun cemiterio romano pódese dar un salto de dous milenios ata un novo edificio. Dos seus ocupantes remotos aos seus novos inquilinos: o xacemento arqueolóxico como lugar en permanente transformación. A película abstrae a lóxica do cambio e a continuidade máis aló do seu referente, pero xusto ese referente é a áncora temporal que permite documentar a desaparición do Barrio Chino.

O espesor temporal de *En construcción* vén dado pola conciencia da fin dunha época. O século XX terminaba, e o vello Barrio Chino enterrábase con el. Nesa situación, Guerin tenta rexistrar coa súa cámara o aura do lugar, e faino utilizando dous mecanismos. En primeiro lugar, no plano sonoro, a película recolle a voz espontánea dos seus veciños, unha memoria oral extraída grazas á complicidade de prostitutas, ionquis, inmigrantes e obreiros. E en segundo lugar, no plano visual, Guerin describe a herdanza do barrio a través dos seus vestixios arquitectónicos: as tres chemineas do Paral·lel evocan o seu pasado industrial, as Atraccións Apolo lembran a súa faceta frívola como zona de lecer, as siluetas da agulla gótica da catedral e do reloxo da Plaça Catalunya aluden á complexa relación entre esta zona deprimida e o territorio burgués. A máis potente de todas estas iconas é o mosteiro románico de Sant Pau del Camp, xusto fronte ao novo edificio, dando lugar a un diálogo entre as construcións do pasado e do presente. O descubrimento dunha necrópole romana no subsolo dese solar suxeriu a Guerin a forma de enlazar todo este xogo de tempos:

“Ao ver aparecer os restos romanos comecei a pensar toda a película en clave histórica; unha película histórica non ten por que filmar o pasado, senón que abonda con conseguir que queden nela, como pretendía con *En construcción*, os rastros das ideas e as pegadas do pasado: os signos do século que remataba.”

[Recollido por José Enrique Monterde en *Al otro lado de la ficción. Trece documentalistas españoles contemporáneos*, 2007]

Esta escena do xacemento mostra a polisemia que alcanza *En Construcción* nos seus mellores momentos: nun primeiro nivel confirma a lonxevidade da ocupación deste territorio (lectura urbanística) á vez que enfronta aos seus actuais habitantes coa certeza da morte (lectura filosófica: *memento mori*), abrindo unha fisura entre o físico e o emocional que chega a introducir, xa nun segundo nivel e de forma inesperada, unha das feridas máis dolorosas do pasado século, a que aínda sofren eses anciáns que non cren que os esqueletes sexan romanos, senón que ven neles ás vítimas dos fusilamentos da guerra civil (lectura histórica-política).

Fragmento do capítulo “Representaciones cinematográficas de la Barcelona marginal: del poblado del Somorrostro en *Los Tarantos* a la renovación del Raval en *De Nens* y *En construcción*”, incluído en “De la zarzuela al cine. Los medios de comunicación populares y su traducción de la voz marginal” (Max Doppelbauer e Karthrin Saringen (eds.)